

OBXECTIVO

A Fundación Biomédica Galicia Sur ten por obxectivo impulsa-la investigación, a docencia e máis a formación, el desenvolvemento científico-tecnolóxico e máis a innovación no ámbito sanitario galego.

ÁREA DE ACCIÓN

A Fundación serve de apoio e máis de asesoramento para los profesionais e investigadores dos centros da Área Sanitaria de Vigo, da Área Sanitaria Pontevedra e do Salnés e máis da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, así como do Instituto de Investigación Biomédica de Vigo.

Servizos:

- Captación e xestión de axudas: O principal obxectivo da captación de fondos e xestión de axudas á investigación é ofrecer o apoio necesario ao persoal investigador da nosa área na identificación do financiamento ao que poden optar, así como na xestión posterior dos mesmos en todos as suas fases.
- Estudos clínicos: Desde a Unidade de Xestión de Estudos Clínicos traballamos para facilitar a implementación destes estudos tanto para o promotor como para o equipo de investigación tratando de reducir os tempos de inicio e optimizar os tempos de execución.
- Proxectos internacionais: A Oficina Internacional de Proxectos ten como obxectivo proporcionar información, asesoramento e asistencia aos investigadores da nosa zona.
Queremos estimular e aumentar a participación de grupos de investigación en convocatorias internacionais co fin de apoiar a investigación de calidade, promover relacións internacionais e multisectoriales, ademais de contribuír ao financiamento e ao retorno económico.
- Innovación e transferencia: A innovación sanitaria en Galicia ten como peza clave os nosos profesionais sanitarios e os nosos investigadores. Por iso, a Unidade de Innovación e Transferencia Tecnolóxica ten como misión principal apoiar a innovación e xeración de novas tecnoloxías dentro da nosa área.

SERVICIO DE APOIO METODOXÓGICO E ESTADÍSTICO

O **Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur**, en colaboración coa **Fundación Biomédica Galicia Sur**, ofrece o Servizo de Apoio Metodolóxico e Estadístico necesario dirixido a todos os investigadores e grupos de investigación que o soliciten, en relación coa su tarefa investigadora.

Apoio estadístico

Soporte estadístico completo en proxectos de investigación.

Servizos:

- Cálculo do tamaño da mostra para os diferentes tipos de estudos: estudos de intervención (ensaos experimentais, clínicos) ou estudos de observación (cohortes, casos e controis ou estudos transversais).
- Deseño das variables en estudo e deseño da base de datos.
- Análise descritiva e preparatoria da análise univariante e bivariante.
- Análise multivariante con técnicas de regresión: Regresión Lineal, Regresión Loxística, Curvas ROC; Regresión de Cox e análise de supervivencia.
- Interpretación e discusión dos resultados.

Apoio metodolóxico

O obxectivo deste servizo é orientar o deseño de diferentes propostas de investigación, así como avaliar proxectos antes de envialos a axencias, organizacións e / ou empresas que financian actividades relacionadas coa investigación.

Servizos:

- Asesoramento metodolóxico sobre o deseño e / ou elaboración de diferentes tipos de estudos, estudos experimentais (ensaos clínicos) ou estudos observacionais (cohortes, casos e controis, sección transversal ...).
- Identificación de obxectivos e hipóteses de traballo na investigación biomédica.
- Revisión e avaliación de proxectos e / ou artigos.
- Asesoramento e revisión de proxectos de investigación para o envío a entidades financiadoras.

CONTACTOS

Envíe por correo electrónico á secretaría técnica do IISGS a solicitude de asesoramento a secretaria@iisgaliciasur.es

Máis información: Teléfono: 986 816 080.

Pontevedra.

Hospital Montecelo, Avda. Montecelo s/n, 36164 Pontevedra.

Página online: www.fundacionbiomedica.org

Pedro García Puig.

986 800 924.

pedro.garcia.puig@sergas.es

Marta Olivares Parada.

Teléfono: 986 800 949.

marta.olivares.parada@sergas.es

SOPHOS: información da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés 



Instituto de investigación sanitaria de Galicia sur 



